

DECRETO DA ALCALDÍA

1.- Visto o Decreto da Alcaldía nº 2021-1213 de data 17 de maio de 2021, aprobando as Bases Específicas de Selección, así como a convocatoria para a elaboración de listaxes de nomeamentos e contratacións de persoal temporal na categoría de Profesor de Violín no Concello de Ponteareas.

2.-Visto o Decreto nº 2021-1872 de data 10 de agosto de 2021, aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos e concedendo un prazo de 10 días, para emenda de defectos ou alegacións pola súa omisión na lista, finalizando o prazo o 25/08/2021 sen que se recibise nengunha alegación ou reclamación.

3.- Visto o Decreto nº 2021-2352, de data 15 de outubro de 2021 aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeando o tribunal e convocando aos candidatos para a realización da proba práctica.

4.- Vista a acta do Tribunal de Selección de data 20 de outubro de 2021, na que consta que só se presentou un candidato, sendo este, o profesor de violín que actualmente cubría a baixa da profesora titular e que presentou renuncia ao posto de traballo neste Concello, polo que a listaxe resultante do proceso selectivo, non ten ningún candidato dispoñible.

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a reapertura da convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, co fin da ampliación da listaxe de reserva para os nomeamentos e contratacións temporais na categoría de Profesor de Violín no Concello de Ponteareas.

Segundo.- Que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da reapertura da convocatoria do Proceso Selectivo para a elaboración dunha listaxe de nomeamentos e contratacións de persoal temporal na categoría de Profesor de Violín no Concello de Ponteareas, as Bases Específicas publicaranse íntegras no taboleiro electrónico do Concello de Ponteareas e na páxina web www.ponteareas.gal, apartado de Oferta de Emprego Público.

Terceiro.- Unificar as listas resultantes dos procesos selectivos para a elaboración dunha listaxe de nomeamentos e contratacións de persoal temporal na categoría de Profesor de Violín no Concello de Ponteareas, nunha única lista de substitución, na



que a orde de prelación virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera das dúas convocatorias.

Cuarto.-Dar conta desta Resolución o departamento de Persoal.

Quinto.-Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

Ponteareas, documento asinado electrónicamente,

A Alcaldesa

M.^a Cristina Fernández Davila

